


LATRICADAS 24


Maio 2019



IES MURALLA ROMANA

Irati Linares Cereixo
4.º ESO A.





Contidos	Páxs.
Antón Fraguas	2
Poema anónimo	3
Microrrelatos	4
Unha noite de cine	6
Poema	8
Viaxe á Coruña	10
Próteses	12
Yanira e os haikus	14
Dickinsonia	16
Evolución do cinema galego	18
Choiva	21
Linguaxe inclusiva	22
Entroido no Instituto	26
10 cousas que non sabías do corpo humano	28
Dilema sobre o cambio de hora	29
Algúns topónimos de orixe latina	30
Concurso de exlibris	33
A muller na historia	34
Poemas	38
Primeiros fetos co ADN modificado	39
Noite de grilos	40
A santa compañía	42
A derradeira leición do mestre	44
Viaxe a París	46
O camiño de Santiago	47
Concurso ex libris	48
Elas	49

Equipo de traballo: Departamento de Lingua Galega e Departamento de Dinamización Lingüística.

Capa: Iria Liñares Cereixo

Ilustracións: Iria Liñares Cereixo, Adrián Freire Vizcaino e Antón Regueira Doce.

Maquetación e coordinación: Mª Cruz López Cela

O idioma é a forza
que nos xunge e sostén.
Se perdemos a fala
non seremos ningún!

Manuel María

Antón Fraguas,

Letras Galegas

2019



De familia humilde, nado en 1905, Fraguas despunta na escola onde o seu propio mestre convence aos pais de que o neno vale para estudar. Despois de facer algúns cursos por libre, comeza o ensino oficial no instituto con figuras das **Irmandades** como Castelao e Losada Diéguez.

Axiña se preocupou polo estudo e divulgación do idioma galego e rematará Filosofía e Letras en Santiago. Foi tamén cofundador do **Seminario de Estudos Galegos**, un grupo de intelectuais interesados por Galicia e a súa cultura. Neste ámbito, Antón fará un fondo traballo de investigación, e divulgación fundamentalmente no eido **etnográfico**.

En 1932 intervén en Radio Galicia instalada no actual Museo do Pobo Galego, sendo un dos primeiros en utilizar a nosa lingua neste medio de comunicación. E en 1936

incorpórase ao **Movemento Galeguista** que traballa a prol do Estatuto de Autonomía.

Destituído da súa cátedra polo réxime, monta unha academia de ensino privada, e en 1950 consegue gañar unha praza de catedrático no Instituto Masculino de Lugo. Despois exercerá no Rosalía de Castro de Santiago ata 1975. En 1951 é elixido numerario da Real Academia Galega ocupando a cadeira outrora de Castelao.

Fraguas foi un gran **erudito**: xeógrafo, arqueólogo, historiador de arte e biógrafo de figuras relevantes da cultura galega.

Dirixiu o Museo do Pobo Galego ata a súa morte, no 1999.


Nun recuncho do pasado,
ó que voltei nunha viaxe,
esquecido mais non apartado
rescatei a miña equipaxe

Nesa maleta traía apertas e sorrisos
lembranzas dunha amizade
que co tempo me deu avisos
de recuperarme da soidade

Abrázanse os nosos recordos
cheos de ledicia, morriña e amizade
que voltan a traer a bordo
tantos momentos, tantas lembranzas

Nas vidas das persoas
crúzanse moitos camiños
está na nosa natureza
elixir os nosos amigos

E así aprendín
o que é un bo amigo,
o que pervive ó teu carón
e está sempre contigo.



Anónima

MICRORRELATOS. *As nosas experiencias en 3º PMAR*

Durante o verán de 2016, un caloroso serán, un amigo e mais eu iamos pola Rúa Nova de Lugo. Ambos levabamos uns suadoiros de verán, coas capuchas postas debido ao sol. Ao anaco de pasear, pareceume que Luís Tosar pasaba diante de nós e ao confirmar que era el, empezamos a seguilo pero, por timidez, non intentabamos dirixirnos a el. Luís, ao cabo duns minutos, deuse de conta de que o seguíamos e mirábanos de esguello. Cada vez camiñaba máis rápido como fuxindo... Ata que houbo un intre no que se parou repentinamente, volveuse e preguntounos se queriamos algo.

Cando lle contamos que só queriamos unha foto e nos daba vergoña dicirlló, comentounos que, como non o parabamos de seguir e iamos coas capuchas, pensaba que o iamos atracar e os tres escachamos a rir.

Adrián Freire Vizcaíno

A finais de xuño de 2018, tiña unha viaxe a Colombia. Por problemas de clima, o voo Coruña-Madrid non puido saír e aos demais pasaxeiros e a min, leváronnos en autobús a Madrid. O autobús chegou tarde a Madrid e non puiden alcanzar o avión a Bogotá e, como aquel día xa era tarde, non había máis voos a Bogotá polo que tiven que ficar en Madrid.

Endoutro día, fun ao aeroporto e dixéronme que non me podían meter nun avión directo a Bogotá porque todos estaban cheos, que só me podían incluír nun que ía Madrid-Londres e logo coller outro de Londres a Bogotá.

Fun nese avión que saíu fóra de tempo e ao chegar a Londres, perdín o voo para Bogotá, así que me tocou quedar no aeroporto...

Fun mercar un sándwich e, como non entendía os cartos en libras, eu entregaba todo o que tiña e non sei se me roubaron ou non.

De súpeto, decateime de que se me descargara o móbil e cando estaba buscando un enchufe axeitado ao meu teléfono, achegouseme un home e empezoume a falar noutro idioma, mirábame raro e polo seu ton de voz notaba que estaba un pouco alporizado, agarroume e seguiu falándome... comezou a turrar por min cara á saída e cando xa pensei que non podía ceibarme, puiden afastarme del e saír correndo.

Cheguei a Colombia tres días despois de ter saído e dúas semanas máis tardaron en chegar as maletas.

Laura Marquín Pérez



Os autores, de 3º PMAR

O día 4 de agosto de 2018 fun co meu pai, a súa moza e maila miña irmá a Sada, a pasar o día na praia. Estabamos a 38 graos, fomos a un posto onde alugaban bicicletas para pasear polo carril bici. Pasado un tempo, á miña irmá deulle un golpe de calor, así que decidiu ir deitarse no coche. Chegando alí, esvaeceu e caeu.

Eu collín o primeiro que tiña a man para refrescala, que era unha Sandy, de maneira que despois a cervexa quedou a carón dela, no chan... e un señor que pasaba por alí dixo

“ Estas borracheiras de hoxe en día non levan a ningún lado”.

David Lorenzo Barreiro

No verán de 2017, o meu amigo Jorge mais eu fomos a unha quedada de motocrós e ocorréuselle facer coma que non sabía montar en moto.

A xente que había alí ensinoulle e cando se puxo a demostrarlles o que aprendera, todos quedaron abraiados... porque o meu amigo é Jorge Prado, o campión do mundo de motocrós.

Yasser Cobas Buide

UNHA NOITE DE CINE

O pasado día 8 do noso querido novembro, os / as lectores e lectoras aventureiros e aventureiras tivemos a excursión máis rara da que gardamos memoria, aínda que non por iso deixou de ser inmejorable.

A ver, cóntovos. Resulta que esa mesma tarde do 8 montamos os membros do club de lectura nun autobús dirección ás Pontes. Todos e todas nós, de todas as idades, dende a ESO ata BAC, desexando chegar ao instituto Castro da Uz.



Ben, pois unha vez alí baixamos as bolsas e maletas cargadas de coxíns, mantas, neceseres e comida, e avanzamos pola penumbra ata as luces do corredor do centro (o día estaba xa totalmente escuro). Si, seino, estou deixando unha intriga criminal e non vos decatades de nada...



Pois a cousa é que os nosos/ -as compañeiros e compañeiras, “@s argalleir@s das letras” (que coma nós comparten a mellor das afeccións, a lectura) convidáronnos a pasar canda eles e elas o seu VIII maratón de cine! Seis películas que non deixan a ninguén indiferente, proxectadas ao longo da noite.

(Ah, pero claro, ao día seguinte todos na clase con puntualidade alemá, non vaiades pensar!)

Tan pronto baixamos do autobús axudamos a colocar as colchonetas no salón de actos e comezou a proxección da primeira película: **Campeones**. O único que define o que pasaba polas nosas mentes durante a proxección era a palabra xenial. Un adxectivo que todos coñecen e comparten e que describe totalmente o equipo protagonista. Cada momento, durante toda a trama e o maravilloso final rimos e emocionámonos.

Non hai máis que dicir, só que son eles, simplemente xeniais, e así o dixemos cando comentamos o que nos parecera a película. Se a vistes entenderédesme, e se non, xa a estades vendo.

Logo chegou o momento cea e uns tomaron pizza e outros o que levamos da casa. Unha vez rematado este momento seguimos con *Hachiko*, *Perfectos desconocidos*, *Koe no Katachi*, *Amour* e *Wall-e* (que non puidemos ver por problemas técnicos). Así pasamos a noite do xoves, entre bágoas, arrolos, risas... uns detrás doutros a medida que avanzaban as películas.

Se vos digo a verdade, o venres non pegamos golpe. Parecíamos mortos resucitados que viñan de celebrar festa no cemiterio. Pero se me preguntan se quero volver, aceptaría de cabeza, por ese magnífico


anaco que pasamos entre amigos e amigas do Castro, cos que vivimos máis momentos de emoción xuntos ca con ninguén.

Sen dúbida foi outra experiencia que nunca esqueceremos. Grazas por todo“Argalleir@s”, ademais tedes un instituto precioso.



Iria Liñares Cereixo- 4ºA





Cómo se debuxa unha casa.

Unha casa que teña de todo
Debúxase deste modo:
Collemos o lapiseiro
e trazamos con esmero
un triángulo, un tellado
que estea ben apuntado.

E seguimos coa casiña,
un bonito cadrado,
a modo de xaneliña.

Tracemos un camiño
onde andaremos para o olvido.
Ao lado do camiño, un niño
cheo de paxariños
que constrúen a súa casa
con pauciños.

•
Debuxemos a lareira
pero con ladrillos
e que non quede fea.
Farémola un pouco ancha
para que Papá Noel
a encha coa súa panza.

Agora pon ti as cores.
Qué mellor cá **amarela**
para describir a cancela.
Qué mellor cá **vermella**
para delinear a pontella.
Poñeremos un claro **azul**
no lago, coma o meu baúl.
Que pasa coa ría?
Poñerémola dunha cor fría.
E que faremos coa **morada**?
Perfilaremos a montaña.
E do **verde** non nos olvidamos,
poñerémolo no campo
e así rematamos.

David Lorenzo Barreiro. 3º PMAR

VIAXE Á CORUÑA. CINE, EXPOSICIÓN E MUSEO



En novembro, visitamos A Coruña co instituto. Fomos as clases de terceiro A, B e PMAR. Tardamos pouco máis de unha hora e cuarto en autobús.

Cando chegamos alí, o primeiro que visitamos foi a Filmoteca Galega. Vimos un filme francés con subtítulos chamado “Les 400 coups” ou “Os 400 golpes”. É unha película bastante antiga, en branco e negro, mais pareceume moi interesante e bonita. Tamén foi moi curioso o feito de observar como eran os planos do filme, o ambiente doutra época...

Logo de ver a película, fomos ao antigo local de Abanca, que agora é un museo de pintura. Nese mesmo sitio tomamos un café, xa que dispoñía de cafetería.

Despois, camiñamos un chisco baixo a chuvia até chegar a un museo de fotografía. Pareceume un lugar moi interesante, xa que as **fotos** que se expoñían eran bastante excéntricas e estrañas. Tomáraas unha rapaza mexicana chamada **Graciela Iturbide** entre os anos 1969 e 1979. Mais o que máis me chamou a atención deste museo, foi un recuncho dedicado a fotografías de obxectos que se atopaban no baño da grandiosa artista **Frida Kahlo**. Había imaxes dos seus corsés e pernas robóticas, dalgún cadro que deixara sen rematar... Gustoume moito este conxunto de fotografías porque son unha gran fan de Frida, xa que



fixo moito por esta sociedade ao admitir e loitar pola aceptación da súa bisexualidade, así como a defensa dos seus dereitos de muller. E todo isto en cadeira de rodas e unha tempada practicamente inmóbil! E a pesares dos maltratos que sufría polo seu marido Diego Rivera, logrou saír adiante e ser unha das mulleres máis célebres e poderosas de todos os tempos.

Ao rematar esta exposición, deixáronnos tempo libre para visitar a cidade e comer. As miñas amigas e mais eu fomos a un restaurante e visitámo-la cidade en tempo récord, mais rematamos perdidas. Soubemos volver con algunha que outra dificultade ao noso punto de encontro, a Praza de María Pita. Aínda así, só chegamos tres minutos tarde da hora acordada. Como chovía a cántaros, mollámonos moito, mais foi un un momento memorábel.

Despois de visitar a Praza de María Pita, subimos de novo ao autobús percorrendo a costa até chegar a un **museo de arte contemporánea**. Pareceume un lugar acolledor e gustáronme moitas obras.

Como iamos cunha guía e co profesor de Plástica e a mestra de Latín, aprendemos moitísimas cousas sobre as obras postas e os seus autores e autoras.

Finalmente, chegamos a Lugo ás 19:30.



Gwenaëlle Álvarez Pouliquen 3º ESO A




PRÓTESES

Unha prótese é un aparato que serve para substituír unha parte que lle falta a un ser humano, xeralmente unha extremidade. Debe estar construída en base ás especificacións e necesidades do paciente de maneira que mellore a súa calidade de vida.

Existen tres tipos: próteses **cosméticas**, **mecánicas** e **mioeléctricas**. As cosméticas son pasivas, cuxo obxectivo é dar ao paciente un bo aspecto estético. As mecánicas ou por cables dan maior importancia á funcionalidade e utilizan un sistema de cables que permiten ao paciente controlar os movementos do corpo. As próteses mioeléctricas son as máis avanzadas e o seu movemento contrólase a través de impulsos musculares.

As primeiras próteses que se coñecen foron as dos **exipcios**, que as facían con fibras e servían para ter unha sensación de integridade. Nos séculos IV, III, II e I a.C. en Europa facíanas con ferro, bronce ou madeira e xa tiñan unha funcionalidade básica. Na alta **Idade Media** tiveron lugar poucos avances. A maioría eran gancho de man e pata de pau para a guerra. Na época do **Renacemento** eran de ferro, aceiro, cobre ou madeira e houbo moitas melloras na

funcionalidade, o mecanismo e o movemento. No **século XX**, despois da segunda guerra mundial era necesario mellorar as próteses, o que deu paso ás próteses modernas, feitas de plástico, aluminio e materiais compostos. A súa funcionalidade xa non é básica senón que se pode levar unha vida normal. As próteses máis modernas están feitas con fundas de silicona e coa adición da robótica imitan a estética e a función dunha extremidade real.



A biomecánica utiliza os principios da mecánica para resolver problemas biolóxicos do ser humano, principalmente no desenvolvemento e a elaboración de novas próteses. Un novo sistema protésico permite experimentar sensacións grazas a que un programa informático envía sinais eléctricas ao cerebro. Outro novo sistema vincula as ondas cerebrais e os acenos das mans dunha persoa co movemento dun

brazo robótico avanzado. No século [XXI](#) estas tecnoloxías floreceron grazas aos avances en robótica, intelixencia artificial, informática e impresión 3D. As novas próteses non só facilitan a vida a persoas que perderon unha extremidade, tamén permiten que os paralíticos volvan a camiñar e incluso que bebés con enfermidades incurables sobrevivan ata adultos.

Fontes:

<https://www.muyinteresante.es/innovacion/articulo/nuevas-protesis-que-permiten-sentir-741413274484/amp>

https://www.elconfidencial.com/amp/tecnologia/2016-10-21/protesis-hugh-herr-impresion-3d_1277841/

<https://m.monografias.com/trabajos99/protesis-humanas-bioingenieria/protesis-humanas-bioingenieria.shtml>

<https://www.diariolasamericas.com/bienestar/protesis-inteligentes-miembros-artificiales-cada-vez-mas-eficientes-n4118611/amp>

https://www.consalud.es/tecnologia/protesis-roboticas-manejadas-por-gestos-y-ondas-cerebrales_52357_102_amp.html

<https://www.amputee-coalition.org/resources/spanish-history-prosthetics/>

Uxía Sierra Rouco. 3º A



Yanira e os haikus

Sonear baixo a
a almofada do catre
mentres saraiba.

Enchoupados
na chabola abeirámonos
da forte choiva

O monicreque
amosa a carraxe
no vello teatro.

Esvaécense
Os saloucos do leito
ó erguerme.

Desacougada
na escura noite, fito
o meu reflexo.

O aturuxo do
galo desacóugame
na doce mañá

O arrecendo da
túa pel é a menciña
para o meu corazón.

Espétaselle a
frecha no seu corazón
ao vela bailar.

Carrexo a forte
choiva dun lado a outro
en busca de ti.

Fitando para ti
namorada dende
a primeira vez.

Devagariño
afasteime do teu olor
por medo a ti.




DICKINSONIA

Dickinsonia é un organismo **ediacarano** que viviu hai máis de 550 millóns de anos.

Estes **organismos ediacáridos** figuran entre os primeiros animais. Foi descrita por primeira vez por **Reg Sprigg**, o descubridor orixinal da **Biota de Ediacara** en **Australia**, quen lle

puxo ao xénero o nome de **Ben Dickinson**. Dickinsonia ten forma ovalada e o seu corpo está dividido en segmentos semellantes a un conxunto de costelas que percorren todo o seu corpo. Estes animais viven en fondos mariños e aliméntanse de microbios e algas. Carecen de certas características que comparten os bilaterais: boca, ventre, ano, etc. Probablemente representa un grupo separado que se extinguiu.



Como regra xeral ,os seus fósiles son conservados como unha impresión negativa das bases de pedra arenisca e son rastros dos lados superiores dos organismos bentónicos(aqueles que habitan o fondo dos ecosistemas acuáticos) que foron enterrados debaixo da area. As pegadas dos seus corpos están comprimidas, distorsionadas, e ás veces esténdense parcialmente á rocha inferior. Estas deformacións demostran os intentos destes seres de fuxir da caída de sedimentos.

Foi descuberto por 1ª vez no **Ediacárico** (chamado así polas montañas Ediacara, no sur de Australia) na **cordilleira de Flinders**, en **Australia** do Sur. Un estudante de doutoramento, **Ilya Bobrovskiy**, foi quen o atopou e bautizouno co nome de Dickinsonia, preto do mar Branco, ao noroeste de Rusia.

Webgrafía:

<https://es.wikipedia.org/wiki/Dickinsonia>

<https://www.gciencia.com/medioambiental/atopan-dickinsonia-o-animal-mais-antigo-da-terra/>

https://www.nationalgeographic.com.es/ciencia/actualidad/organismo-dickinsonia-fue-uno-los-primeros-animales-que-existio-tierra_11521

Despois de centos de millóns de anos e de meteoritos que extinguiron aos **dinosaurios**, aínda quedaban restos de colesterol no fósil e isto foi o indicador clave para indicar que había vida animal e Dickinsonia é o máis antigo que habitou na Terra. Os fósiles do período de Ediacara son alleos á clasificación taxonómica, xa que poden ir desde animais mariños a protistas xigantes ou liques terrestres. A maioría das rochas que conteñen estes fósiles soportaron moita calor, presión e erosión. O estudo demostrou que a acumulación de novos segmentos ó longo da súa historia non alterou a súa forma ovalada orixinal.

Os primeiros organismos xurdiron durante o período de **Ediacara**, hai uns 600 millóns de anos, entre os que se encontran os fósiles de **Dickinsonia**. Estes organismos podían ser precursores das formas animais no período Cámbrico, hai 500 millóns de anos.

Iqra Anwar 3ºA

Evolución do cinema galego

Desde a aparición do cinema mudo ata o 3D e online pasaron moitos anos, así como desde a primeira filmación galega ata a actualidade; a continuación fago unha pequena síntese da transformación que isto supuxo en Galicia co paso do tempo, aproveitando para lembrar algúns dos libros que inspiraron moitas destas fascinantes historias que vemos na televisión e no cine.


A primeira película de ficción feita en Galicia, con **Castelao** nun pequeno papel de actor, é **Miss Ledyá**, do ano 1916, realizada polo primeiro director, cámara e montador deste país, José Gil, pontevedrés exitoso na súa vida profesional, aínda que un gran descoñecido, e desgraciado na súa vida privada (as súas tres fillas morreron de tuberculose, o que marcou a súa traxectoria e a súa vida) A película era en cinema mudo, con carteis escritos

para aclarar diálogos ou situacións sobre a acción que se plasmaba.

Máis tarde chegou o cinema sonoro pero, aínda sendo en Galicia, a maioría realizábase en castelán, dando pé á falacia de que non hai público para o cinema en galego, o que contribúe a que se afiance a diglosia.

No cinema, igual que na sociedade galega, aínda que existen leis e mecanismos para promocionar o idioma galego, a maioría das películas fanse en castelán, ou tamén se rodan en castelán e despois dóbranse ao galego.

Considero, igual que moitos críticos de cinema, que un filme é verdadeiramente galego cando o idioma, maioritariamente o lugar onde se roda, e se é posible os actores, son galegos.



No gráfico, amoso as porcentaxes en quince anos, dos filmes galegos realizados en galego, castelán e outros idiomas.

Moitos críticos afirman que o cinema galego naceu coa primeira presentación institucional, en Vigo (1989), desde a Consellería de Cultura, onde se proxectou: **Urxa**, **Sempre Xonxa** e **Continental**.

Pradolongo (2008) e **A Esmorga** (2014) son máis actuais e totalmente galegas.

Temos cine en galego como **O bosque animado**, baseado na novela de Wenceslao Fernández Flórez, foi a primeira película de animación 3D realizada en Europa e con orixe galega; nesta entrañable película nárrense relatos entre o bosque e os seus moradores.

Tamén temos o que anteriormente denotamos cine galego como **Os fillos do Sol** que narra as orixes da empresa farmacéutica Zeltia, fundada en Vigo en 1939, unha das compañías farmacolóxicas máis importantes do século XX.

Existen **numerosos autores galegos cuxas novelas foron interpretadas** no cinema, por exemplo:

A Esmorga, adaptación cinematográfica da obra do mesmo título de Eduardo Blanco Amor. Narra os feitos acaecidos a tres amigos durante e despois dunha noite de troula e bebedeira.

A Praia dos afogados, rodada en Vigo e Nigrán, versionada en galego e castelán, de Domingo Villar. Nela, o inspector Leo Caldas trata de esclarecer un crime.

Retorno a Tagen Ata, rodada na Merca e Valenzá (Ourense), e baseada na novela homónima de Xosé Luís Méndez Ferrín onde unha moza exiliada regresa ao seu país carente de liberdades para contactar coa resistencia.

A lingua das bolboretas, inspirada nun dos relatos incluído no libro *Que me queres, amor?* de Manuel Rivas, que desenvolve a relación entre un neno e o seu mestre nos meses previos ao comezo da guerra civil española.

Ademais cómpre destacar que as diversas **series** de televisión tamén deixaron unha pegada na historia audiovisual galega, cuxa temática vai desde o humor costumista ata o suspense e detectivesco:

Pratos combinados narra as peripecias de Miro e Balbina ao levar un bar onde tamén aparecen o seu cuñado e Paula, interpretada por Lucía Castaño.

Padre Casares chegou a ser o programa máis visto nas televisións autonómicas contándonos como se adapta un cura máis moderno e que ninguén entende no pobo de Louredo.

Serramoura móvese entre mafias e asasinatos, quizais é un dos programas máis coñecidos.

Matalobos conseguiu o Premio Circom en 2012 como a mellor ficción

Fontes:

<https://www.farodevigo.es/portada-pontevedra/2014/03/20/primera-pelicula-gallega-ficcion-conservamos/989470.html>

<https://pantalladesombras.wordpress.com/2015/03/29/entrevista-a-miguel-castelo-la-historia-del-cine-gallego-nacimiento-evolucion-y-futuro/>

<https://www.academiagallegoaudiovisual.gal/wp-content/uploads/2017/06/O-galego-no-cinema-galego.pdf>

<http://www.papeisdaacademia.org/o-galego-no-cinema-galego/>

<http://vello.vieiros.com/cinemagalego/historia.html>

<http://www.xn--fonmia-0wa.es/sites/xn--fonmia-0wa.es/files/programa-de-mano-2018-dh63hd.pdf>

<http://ocioengalicia.com/lugo/semana-internacional-de-cine-de-autor-2018-de-lugo/>

<http://www.xylazel.com/es/actualidad/tvg-estreno-os-fillos-do-sol-sobre-los-origenes-de-zeltia>

<https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/cultura/2018/05/11/letras-gallegas-gran-pequena-pantalla/00031526047556583822618.htm>

https://gl.wikipedia.org/wiki/Retorno_a_Tagen_Ata

<https://engalecine6.webnode.es/a-lingua-das-bolboretas/>

[https://gl.wikipedia.org/wiki/A_praia_dos_afogados_\(filme\)](https://gl.wikipedia.org/wiki/A_praia_dos_afogados_(filme))

http://vertele.eldiario.es/losdevoraserias/Especial-Dia-Galicia-gallegas-historia_7_1924077576.html

europaea, e aborda cun gran realismo o tema da loita dos corpos de seguridade fronte ao narcotráfico.

En Galicia hai **produtoras** (Filmax, Digra,...), actores (Luís Tosar, Mario Casas,...) paisaxes e sobre todo o noso idioma, dos cales nos sentimos orgullosos e valoramos o esforzo e traballo que todos eles realizan para lograr que o noso cinema sexa coñecido por máis xente.



Alejandro Muñoz Seoane 1º BAC

Algúns senten a **Choiva**,
e outros simplemente Móllanse



Judith Pérez. 4ºB

LINGUAXE

INCLUSIVA

A linguaxe inclusiva é aquela que trata de empregar diferentes formas de linguaxe máis xustas, menos violentas, e, como o seu nome indica, inclusivas

Esta maneira de comunicación intenta erradicar o masculino xenérico, así como as diferentes formas de agresión verbal cara a diferentes colectivos (bifobia, transfobia, xenofobia, homofobia...), que se producen na maioría das linguas actuais de diversas maneiras.

Pero, para comprender este extenso tema, debemos coñecer primeiro os conceptos de **sexo** e **xénero** e enunciar as súas diferenzas, xa que en moitos casos dá lugar a dúbida.

Para comezar, diremos que sexos hai dous: masculino e feminino. Este ven determinado pola natureza, e engloba os trazos físicos e psicolóxicos destes dous. O sexo tan só se pode cambiar mediante procesos médicos, cirúrxicos... Son condicións como a barba, o sistema reprodutor, a musculatura...

Con todo, xéneros hai moitos máis, aínda que hoxe en día tan só se visibilicen muller

e home. O xénero é un construto social e ideolóxico, quere dicir que non importan as características físicas e psicolóxicas do sexo ao cal se pertence: hai mulleres con barba, por exemplo. Unha persoa pódese sentir identificada con moitísimos xéneros diferentes. Esta condición dá lugar a colectivos con xénero non binario (diferente de home-muller): transxénero, bixénero, trixénero, *gender fluid*, axénero...

De feito, o concepto de xénero non tería que ser necesario, senón que se está tratando de abolir. A xente quíxase porque hai demasiadas etiquetas, demasiados nomes para referirse aos diversos xéneros. Mais cabe aclarar que este concepto é moi importante hoxe en día para darlles visibilidade a moitos colectivos, e que non se pense que só existen homes ou mulleres. Cando deixe de ser algo alleo e estraño para a sociedade *cisheteropatriarcal*, poderán eliminarse todas estas *etiquetas*, mais hoxe en día estas etiquetas son moi necesarias.

Porque, por exemplo, as persoas transxénero non deberían existir, e non porque estea mal non ser cixxénero, senón porque se están adaptando a uns roles de xénero que, pola sociedade, non son os que lles corresponden a ese sexo. Se se eliminase o concepto de *rol de xénero*, así como outros moitos, a comunidade transxénero desaparecería porque a xente deixaría de velos coma “homes que se adaptan a roles de

muller e viceversa” , senón que serían persoas que fan as actividades que queren e non as que se lles marca polo seu sexo dende que nacen.


En canto á linguaxe inclusiva, hai xente que ve innecesaria esta medida e até ridícula, mais a linguaxe inclusiva é moi importante na loita da **igualdade** e **visibilidade** de diversos colectivos, xa que non outorga un posto maior a ningún, nin descualifica a individuos, senón que **engloba** a todas ou á maior parte das comunidades.

O mundo tal e como o coñecemos hoxe en día (o masculino existe e o feminino fórmase a partir deste engadindo, normalmente, un *a*; *só* existen home e muller; as persoas transexuais son sempre mulleres atrapadas en corpos de homes e viceversa...), é completamente androcentrista (teoría que sitúa ao home como centro de universo), sexista e cousificadora. Estas ideas erróneas prodúcese, en moitos casos, debido á falta de información ao respecto.

Emporiso, hai varias maneiras de empregar esta forma de linguaxe (algunhas máis acertadas ca outras). Unha das **fórmulas** máis utilizadas consiste en deixar de dicir certas frases, normalmente insultos, que deixan nun mal lugar a un grupo. Por exemplo, o feito de chamar *prostituta* a unha muller libre; ou *maricón* coma un in-

sulto, xa que o movemento da linguaxe inclusiva trata de abolir tamén o concepto de *boa masculinidade*.

Outro procedemento desta forma de lingua e fala baséase na substitución das frases como home por ser humano, persoa; ou todos por todo o mundo, toda a poboación... Desta maneira, incluiremos a todo aquel ser humano ou persoa, sen incluír a todos os xéneros no masculino xenérico.



Un método non axeitado en todas as ocasións estríbese na adición dun dos grupos maioritariamente repudiados, o feminino. Esta adición baséase en incluír este colec-


tivo antes ou despois do masculino. Por exemplo, dicir: Ola a todas e todos!, en vez de empregar o masculino xenérico: Ola a todos! Esta fórmula é adecuada cando se coñece que o grupo co cal falamos está composto por mulleres e homes, mais non se debe empregar cando expoñemos diante dun grupo anómalo e descoñecido para nós, porque non debemos dar por feito que todas as persoas deste grupo pertencen ao colectivo do xénero binario. Aínda así, tamén hai que ter coidado e precaución coa orde na que se colocan os factores, porque adoitamos poñer sempre o masculino diante do feminino cando, se alternamos, non daremos a entender que o masculino vai sempre


dianete do feminino.

De modo que esta opción só é efectiva en certos casos; utilízanse outros patróns, como suplir certas letras por símbolos significativos. Aínda así, dentro desta fórmula tamén atopamos os transos da anterior. Por exemplo, na substitución de *o* por @, o símbolo @ está composto por un *a* e un *o*, co cal engloba o feminino e o masculino. Pola mesma razón que a adición do feminino non debemos empregala a non ser que coñezamos que con quen falamos é de xénero binario (muller-home).

A seguinte idea foi un pouco equívoca, xa que como consiste en substituír o *o* polo *x* faise imposíbel a súa pronuncia (en vez de dicir chico, dicíase chicx). Porén, foi o primeiro método que incluía tamén o xénero non binario, co cal, aínda se emprega en textos que non teñen como fin ser lidos ou representados mediante a fala.

Á última forma usada (e a máis recente), consta da permutación do *o* polo *e*, obtendo así palabras en xénero neutro (que non constan del) e sinxelas de pronunciar. Esta é a mellor forma de substitución de *o* por un símbolo significativo, xa que abarca tanto xéneros binarios (home-muller) coma non binarios (distintos de muller-home); e, ademais, é sinxela a súa pronuncia. O adxectivo e o substantivo varían a súa forma, pero só os sexuados. Os non sexuados, quere dicir,





que non presentan sexo (mesa, botella...) non varían. Por exemplo, en vez de dicir chico en masculino xenérico, dise chique.

En resumo, debemos tratar de empregar esta forma de fala e lingua, ou no seu defecto, darnos conta da nosa exclusividade e intentar mellorar na nosa forma de linguaxe. Porque, cantas máis persoas nos unamos a este movemento ou o apoiemos, pouco a pouco cambiaremos a forma de pensar e reaccionar desta *cisheteropatriarcal* sociedade



Webgrafía

Wikipedia:https://es.wikipedia.org/wiki/Lenguaje_no_sexista#Lenguaje_sexista_y_de_género_neutro

Mujer palabra:http://www.muierpalabra.net/pensamiento/lenguaje/lenguaje_inclusivo.htm

El dínamo:<https://www.eldinamo.cl/blog/como-hablar-en-lenguaje-inclusivo/>


Observatorio de igualdade:<https://observatorioigualdad.unizar.es/lenguaje-inclusivo>

El diario:https://www.eldiario.es/andalucia/enabierto/Lenguaje-inclusivo-posmodernismo_6_814778528.html

TN:https://tn.com.ar/sociedad/lenguaje-inclusivo-como-se-usa-y-para-que-sirve_904859

UN:<http://www.un.org/es/gender-inclusive-language/guidelines.shtml>

Gwenaëlle Álvarez Pouliquen 3ªA



91 OD-ORTZE



10 cousas que non sabías do corpo humano

- ❁ O corazón das mulleres late máis rápido. Isto é porque o corazón feminino é máis pequeno e as súas arterias son máis finas, polo que o corazón ten que late máis rápido para transportar o sangue correspondente.
- ❁ As unllas das mans medran catro veces máis rápido cás dos pés e estas serven para o equilibrio cando camiñamos.
- ❁ Es incapaz de espirrar cos ollos abertos, verdade? Iso é un acto reflexo do noso corpo xa que ao espirrar aumenta a presión ocular e poden desprazarse un pouco e quedar danados.
- ❁ O pelo pode resistir temperaturas de ata 140 °C cando está seco e ata 200 °C cando está mollado e serve precisamente para controlar a temperatura corporal.
- ❁ As orellas nunca deixan de medrar, pois co paso dos anos o lóbulo estírase a causa da gravidade.
- ❁ A “pel de galiña” é unha contracción dos músculos erectores do pelo debida ás sensacións de frío ou sentimentos fortes.
- ❁ O tamaño das cordas bucais depende do sexo, estatura e masa corporal das persoas. Por iso temos voces diferentes.
- ❁ As cellas e as pestanas serven para protexer ao ollo da suor.
- ❁ Os pezóns masculinos non teñen ningunha función, fórmanse cando o feto é asexual.
- ❁ A lenda xaponesa do “fío vermello” está asociada cunha arteria que chega directa do corazón ao dedo maimiño.

Dilema sobre a fin do cambio de



hora

Desde hai pouco tempo propúxose (seriamente agora, despois de moito propoñelo) a idea de non cambiar a hora de inverno a verán, e viceversa, na Unión Europea, como se fai habitualmente a finais de marzo e de outubro. Tamén existe o dilema de que, se non se realizan os cambios de horario, cal sería o apropiado para usar? O primeiro está case aprobado pero o segundo queda por debater.

Hai que ter en conta que o horario polo que nos guiamos é totalmente artificial, non como a natureza nola outorga.

Este horario noso adiantouse por culpa do franquismo. Por iso, agora queremos cambialo, porque se cre que é unha mala xestión política fácil de solucionar.

Isto ten, como todo, pros. e contras: **aforrariamos os problemas de sono** cada 6 meses, derivados dos cambios de hora. Se ficase o horario de verán adiantaríamos de forma natural as comidas, deixando máis horas para durmir. Pero amañecería máis tarde, imposibi-


litando espertar con luz solar, e contaríamos con máis horas de luz ó final do día, que poderían dificultar a conciliación do sono.

Aínda que non estea o tema debatido crese que se autorizará esta idea no ano 2021.

Tamén se estudou que oito de cada dez cidadáns estaban de acordo con eliminalos, pero hai un gran empate sobre qué horario escoller.

Os profesionais non a queren cambiar en verán, porque debemos pertencer ó uso horario do Meridiano de Greenwich, porque só hai tres horarios en toda Europa (cos que non todo o mundo está de acordo), ademais de cambiar algúns dos nosos costumes horarios de actividades e comidas.

Os especialistas en cronobiología explican que, cada vez que suceden estas alteracións no horario, as persoas (e o resto de organismos vivos) han de volver a sincronizar os seus ritmos biolóxicos a un novo horario, o que require varios días e afecta de forma especial ás persoas con rutinas cotiás suxeitas a horarios fixos. As investigacións demostran que esta sincronización é máis rápida cando se pasa ó horario de inverno que cando se adopta o de verán: un par de días no primeiro caso e ata catro no segundo.



Fontes:

www.diarioronda.es

www.catalunyapress.eswww.elpais.com

www.huffingtonpost.es

www.rtve.es

www.huffingtonpost.es

Carmen Domene Carballal 3º ESO A

Algúns topónimos de orixe latina

A toponimia é unha disciplina da onomástica que consiste no estudo etimolóxico dos nomes propios de lugar. Os topónimos normalmente teñen a súa orixe en aspectos físicos ou materiais do lugar que se designa, aínda que poden ter a orixe en apelidos ou nomes propios de persoa.

A pesar da conexión do nome do lugar con aspectos físicos, materiais ou nomes propios, moitos pobos cren que existe unha conexión mística, que pode servir de atractivo para os turistas, polo que, ás veces, os toponimistas respectan.

Así mesmo, podemos clasificar os topónimos segundo a forma de referirse a eles e distinguiremos tres tipos: topónimos que distinguen ou enumeran algunha característica física do lugar, topónimos que teñen a súa orixe en nomes de persoa ou apelidos e topónimos de orixe descoñecida ou dos cales a súa procedencia non é clara.

Dentro da toponimia galega, podemos atopar topónimos dos tres tipos mencionados anteriormente. En relación coa toponimia procedente do latín, atopamos sobre todo topónimos relacionados con características físicas do lugar como poden ser os seguintes:

A Estrada, que provén das vías stratus, estaban compostas por varias capas de distintos materiais.

Acibeiro, que é o lugar onde hai ou houbo acivros.

Caldas/Caldelas, de Aquas Caldas, augas quentes.

Castrelo, é Castrellum diminutivo de castrum, é castro, cidade alta e fortificación.

Cebreiro, topónimo que provén de equos feros cabalos salvaxes.

Celanova, de cellam, graneiro ou mosteiro, novam, novo.

Chantada, de Plantatam, plantada, vieiro.

Fisterra, que provén de Finis Terrae, fin da terra.

Fondevila, fontem é fonte villam era morada rural.

Fonsagrada, Fontem Sacratam, fonte consagrada.

Fontefría, Fontem Frigidam, fonte fría.

Foz, de Faucem, que quería dicir garganta, boca, en contexto desembocadura de río.

Frades, procedente de *Fratres*, irmáns, monxes, por existir alí un mosteiro.

Lavacolla, lava os testículos, relacionado coa tradición dos peregrinos de lavarse nesa localidade.

Louredo, de *Lauratium*, lugar onde hai *laurum*, loureiro.

Lugo, de *lucum*, bosque sagrado.

Maceda, relacionado cun tipo de mazá, *malam mattinam*.

Milladoiro, lugar onde os *Mindunietum*, con significado moi discutido.

Monforte, *montem fortem*.

Oleiros, onde hai ou había fabricantes de potas.

Ortigueira, de *Urticarim*, lugar onde hai estrugas.

Orxal, lugar onde había cebada

Ourense, para algún *Auriensem* gardaría relación coa existencia de ouro na zona, pero para outros este topónimo estaría relacionado con **Awrantis*, que molla, pola existencia dun río.

Pedrafita, de *Petram Fictam*, pedra cravada.

Poio, de *Podium*, lugar alto.

Pontevedra, *Pontem Veteram*, ponte vella.

Ribeira, *Ripariam* beira mar ou beira río.

Santiago, que hai unha *ecclesiam Sancti Iacobi*.

Sobrado, vén de *Superatum*, que é un lugar que destaca.

Vigo, de *Vicum*, aldea.

Vilanova, *Villam Bonam*, unha boa vila ou casa de campo

Vilachá, é unha *Villam Planam*, vila chá.



Xunqueira, luncariam é un lugar onde hai abundancia de xuncos.

Por outra banda atopamos aqueles que proveñen de nomes propios ou apelidos: Bonaval, segundo a etimoloxía popular provén das ultimas palabras pronunciadas por un heroe chamado Xan Tuorum.

Portomarín, de Portum Marini, paso fluvial a cargo dun tal Marino

Sanxenxo, de Sanctum Ginesium, San Xinés e Vilagarcía, era a explotación agropecuaria dun tal García.

Por último, atopamos aqueles topónimos cuxa orixe non está clara ou non se sabe de onde proveñen como pode ser o caso destes cinco:

A **Coruña**, vén probablemente de Cluniam. Para algúns a orixe o último deste topónimo sería a palabra latina coloniam, que é o que designa unha nova poboación creación ou propiedade rural.

Compostela, é de etimoloxía moi discutida; algúns falan do Campus Stellae porque unha

estrela sinalou a Teodomiro o lugar do enterro de Santiago; outros din que estaría relacionado coa compositum tellus, "fermosa terra"; para outros con quen estaría relacionado é con compositum enterrado, por ser o lugar do enterro do apóstolo; para outros, finalmente, é un nome de nome celta composto por comboros detritos e ferro de aceiro, por ser un escorial dunha mina de ferro.

Padrón, parece que ten que ver co feito de que tal Paterno tiña unha facenda Villam Paterni alí, pero en portugués un padrão, do latín petreum, é un marco ou monumento de pedra, polo que esta etimoloxía é dubidosa.

Peñalba, de Pinnam Albam, onde albam podería estar relacionado coa palabra latina que significa "branco" ou coa raíz indoeuropea alb/alp que significa montar ou altura.

Vilalba, de Villam Albam, vila branca pero se temos en conta que existe un albedo indoeuropeo que significa alto, e esa sería outra posibilidade.



Fontes:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesagraraires/system/files/TOPONIMIA.pdf>

<https://es.wikipedia.org/wiki/Toponimia>

Laura López López. 1º BAC

CONCURSO EXLIBRIS BIBLIOTECA



Ainoha Reija Crespo. 1º B



Sabela López Saavedra, 2ºB



Jennifer Fernández Santos.1º B



María Penín García. 1ºB



Housame Kharraoubi.1ºB



Mireia Mejías. 2ºB

A MULLER NA HISTORIA

As mulleres estiveron ausentes en moitos ámbitos da ciencia e da cultura ao longo da historia. Aparecen escasamente na literatura, na arte, na ciencia... Por un lado, porque tiveron moitos obstáculos para poder desenvolver os seus intereses e capacidades, e por outro, ás que o conseguiron non se lles recoñeceu e nin sequera foron nomeadas nos libros ou nas enciclopedias.

Na prehistoria, as funcións dos homes e das mulleres son complementarias e indispensables para a supervivenza. Mentres que os homes se encargan de conseguir carne e fabricar distintos instrumentos, as mulleres adócanse a recolectar. Isto fai que as actividades que están relacionadas directamente coa forza se empecen a identificar cos homes debido á diferenza física entre os dous xéneros. As mulleres cumpren unha tarefa moi importante curtindo peles para abrigarse e abeirarse, e criando os nenos. Como a maior parte da alimentación provén da recollida de plantas e pequenos animais, o papel das mulleres

na tribu resulta ás veces máis importante cá dos homes cazadores. No **paleolítico** a relación entre homes e mulleres é dunha certa igualdade.

As transformacións do Neolítico e posteriormente o desenvolvemento das cidades e os primeiros imperios traen consigo unha crecente desigualdade entre homes e mulleres, en prexuízo destas. As tarefas relacionadas coa guerra e a produción económica nesas sociedades son desempeñadas por homes, que tamén posúen a maior parte das riquezas. Nace así a sociedade patriarcal, que é caracterizada polo predominio do varón na familia e na organización social. A muller queda relegada case completamente ao interior da casa e da vida familiar na que desempeña os papeis de nai e esposa. No espazo doméstico realiza unha serie de tarefas e traballos imprescindibles para a economía familiar aínda que non sexan valorados.

A muller no mundo clásico de **Grecia** posúe un maior protagonismo e liberdade que nos imperios orientais. Nalgúns casos chegan a convertese en destacadas artistas e intelectuais. Pero a pesar disto o seu papel segue sendo o mesmo, circunscrito ao ámbito familiar. Segue carecendo de dereitos políticos, non ten nin voz nin voto e non pode ser elixida para

representar os cidadáns en órganos que dirixen a democracia ateniense.

En **Roma**, ao igual que en Grecia, os nenos teñen máis posibilidades de ser aceptados polo pai, mentres que as nenas, ás veces, son abandonadas. Dende os 7 anos nenos e nenas poden asistir por igual á escola. A partir dos 12 anos de idade, as nenas permanecen no fogar paterno ata o matrimonio, mentres que os rapaces de clase alta seguen estudando.

Nas grans obras renacentistas o papel da muller adquire maior importancia e profundidade. Para os autores das obras pertencentes ao **Renacemento** as mulleres son fonte de inspiración, motivo literario e protagonistas indiscutibles. En España nunha época coñecida como a transición ao Renacemento xorde un grupo de mulleres escritoras.

Na **Idade Media** as mulleres seguen sen ser valoradas. O marido pode matar a súa esposa adúltera sen castigo, a muller escrava non pode casar sen o consentimento do seu dono. O matrimonio segue sendo concertado sen a opinión da noiva.

Vivir baixo a pel dunha muller na Idade Media como en todas as épocas anteriores e aínda posteriores é una proeza, xa que esta sofre varios tormentos con total

impunidade coma a violación, rapto, repudia, e incluso ser obrigada a converterse nunha muller relixiosa.



Mary Wolstonecraft. Considerada a primeira feminista.

Durante o **século XIX** o liberalismo proclama a igualdade de dereitos de tódolos seres humanos; tamén comenza a revolución industrial na que moitas mulleres se incorporan a talleres, fábricas, oficinas, xornais e, aínda que en moi escaso número, comencan a asomarse á vida universitaria iniciando así a súa presenza no espazo público das sociedades modernas. Tamén comezan as primeiras reivindicacións de igualdade xurídica e política para as mulleres, defendidas por movementos sufraxistas e feministas.

En paralelo ao proceso de emancipación feminina da esfera privada e familiar nacen os **movementos sufraxistas** dos que formaron partes miles de mulleres que reivindicaban igualdade de dereitos civís e políticos. Estes movementos esténdense sobre todo no periodo de guerra. A rei-

vindicación máis estendida destes movementos é o sufraxio universal que acaba conseguíndose en toda Europa. Por vez primeira na historia, as mulleres posúen os mesmos dereitos cós homes, recoñecidos polas novas Constitucións democráticas.

E non é ata a **primeira guerra mundial** que se demostra que as mulleres teñen as mesmas capacidades que os homes para levar a cabo as actividades que están reservadas para os varóns.

A situación da muller corresponde coa situación de desigualdade: moitas mulleres, sobre todo nos países desenvolto, posúen dereitos públicos e exercen profesións de todo tipo, mentres que outras carecen de liberdade, seguen estando sometidas ao pai ou ó marido, e aínda no

teñen dereito á educación ou a traballos en igual de condicións cós homes.

Coa **revolución da 1917** as mulleres obteñen amplos dereitos xurídicos e políticos como o dereito ao divorcio, oa aborto, a eliminación da potestade marital, etc.

Tras a segunda guerra mundial a muller adquire dereito a voto naqueles países democráticos nos que aínda non o alcanzan, se ben aínda existen Estados nos que as mulleres non poden votar.

Nos **anos 50** desenvólvese un movemento de mulleres chamado feminismo, unha ideoloxía e conxunto de movementos políticos, culturais e económicos que teñen como obxectivo a igualdade de dereitos entre homes e mulleres.

A primeira vaga do **feminismo** refírese ao movemento feminista que se desenvolve



en Inglaterra e Estados Unidos ao longo do século XIX e principios do XX. Concéntrase na obtención de igualdade fronte ao home en termos de dereito da propiedade e igualdade de capacidade de obra, así como a igualdade de dereitos dentro do matrimonio.

As sociedades foron evolucionando e a xente foi modificando o seu pensamento ó longo do tempo. Durante a historia, a muller viuse sometida á privación da posibilidade de educación, de traballo, á independencia, e debía ter unha determi-

nada conduta, doutro modo víase marxinalada ou xulgada e non era aceptada pola sociedade.

A pesar de tódolos logros e beneficios que fomos obtendo ao longo da historia, pódese dicir que non estamos igualadas cos homes e séguese perseguindo ese fin.

Ás mulleres aínda nos queda un longo traxecto por percorrer, pero se algo nos ensinou a historia é que por máis dificultoso que sexa o camiño, unidas, podemos conseguir o que vimos buscando dende 1789.

FONTES:

Jesusgonzalezfonsec.blogspot.com

Es.slideshare.net

www.eltiempo.com

Prezi.com

www.claramenteweb.com.ar

www.taringa.net

www.losojosdehipatia.com.es


Ámbito lingüístico y social 4º curso – Naranjo Cordobés e Agustín – ed: Santillana - Carrasco Leiva

<https://image.slidesharecdn.com/papeldelamujerenlapocacontemporanea-elena-110504172828-phpapp01/95/papel-de-la-mujer-en-la-poca-contemporanea-elena-1-728.jpg?cb=1304530141>

<https://www.monografias.com>



○ Iria Sánchez Logilde . 3ºA



Toda esperanza
ten dificultades.
Corro por este **océano**
o meu deserto azul.
Teño un longo camiño
pero sempre estou aquí
soa
sen esperanzas
con medo.

Clara Piñeiro Puente. 4º ESO

Xa te vexo , **mar** da miña vida,
co reflexo do cristal.

Eu son coma unha onda
sucando o sal,
indo pouco a pouco
conquistando todo o **mar**.

Deixáchesme solitario
sen o teu ollar.

Yasser Cobas Buide. 3ºPMAR

Primeiros fetos co ADN modificado.

O 25 de novembro do pasado ano deuse a coñecer o caso dos embrións modificados xeneticamente polo científico He Jiankui. Este mesmo día, o científico, nun vídeo subido por el mesmo, dixo que empregara unha ferramenta para editar xenes e eliminou o xene responsable do VIH. Tamén engadiu que naceron sans como calquera outros bebés. Científicos de todo o mundo cuestionáronse se isto é ético, e outros tantos dixeron que a alteración do xenoma podería traer consigo outros problemas de saúde, aínda descoñecidos. Mazhar Adli, unha xenetista da Universidade da Escola de Medicina de Virxinia declaraba que ao

eliminar o xene chamado CCR5 “ten máis funcións que axudar a contraer o VIH”, unha destas funcións é axudar os glóbulos brancos a traballar correctamente, e tamén axuda a previr a infección do Nilo Occidental. Eliminar este xene a grandes riscos podería ocasionar serios problemas de saúde a Lala e Nana, que así é como se chaman as bebés. O peor é que o científico chinés non desvelou nada ao seu país, de que estaba experimentando con embrións, e as autoridades de China enteráronse do seu experimento cando subiu o vídeo, igual ca o resto de persoas. Xa había máis mulleres embarazadas listas para que lles eliminasen o xene aos seus fetos. Segundo elas, por iniciativa propia, ninguén as obrigara.

Actualmente non se sabe onde pode estar este científico, non responde ás chamadas nin ós correos electrónicos da policía nin á Universidade na que traballaba.

Fontes

<https://www.nytimes.com/2018/12/28/world/asia/he-jiankui-china-scientist-gene-editing.html>

<https://www.livescience.com/64178-he-jiankui-gene-edited-babies-talk.html>

Yeray Lorenzo Darriba 4º ESO B

Noite de **GRILOS**

Érache boa, madia leva. Cal sería a tradución literal ao castelán? A lúa chea e vermella coma o día que estourou a Guerra Civil. Hai un concurso na revista dominical para a mellor foto do verán. Non vai calor, a praia está preto. Cómo me gustaría gozar do canto dos grilos. Verán, doce verán, de sabores a froita fresca; o inicio de temporada con pendentes de cereixa e as pernas rasguñadas das cortizas das cerdeiras. Salto valados, hala, salto un e outro. Arrecende a **menta** e o **fiúncho**.



Non podo durmir; os pequenos corren ledos sen normas nin horarios. Madia leva. Son niños. Estamos a crear monstros. Os cans ladran, soltos, por todo o recinto, non son nenos pero cómpre coidalos. As cabichas sementan a

praia, os bañistas cando pasan deixan un regueiro de foula. O aire cheira a fume. As lapas devoran a costa e a cinza cae na auga. Non podo durmir! Pasa unha cuadrilla de adolescentes cargados de alcohol e refrescos para facer botellón. As veciñas tamén; son simpáticas, se non as coñecese pensaría que alguén sofre un ataque de nervios. Gargalladas histéricas, cacharelas na praia que ninguén limpa e os restos da incontrolada troula nocturna. Non vexo pero adiviño unha señora de caricatura de Castelao, non vai pagar unha multa por exceso de velocidade. Unha voz madura ameaza a outra “lo que me tengas que decir me lo dices a la cara”. Se tivese que sinalar a frase máis oída este verán apuntaría esta: cultura de reality show. A conversa máis intelectual ou profunda que escoitei nestes días versaba sobre cine americano, sobre as películas de Jim Carrey.

Galicia arde; á hora de xantar o telexornal emitía imaxes da extinción caseira de incendios; o pulo, a carraxe, a vontade, a dor e o medo na cara de novos e vellos tentando salvar casas e árbores



milenarias. No restaurante non hai silencio, choro por dentro e por fóra. Alguén pregunta se mañá irá tempo de praia. Non podo durmir. Pregúntome se as normas están para cumprir os que o fan por educación. Civismo! Boh, os cans pisan a miña toalla. E se reclamo o respecto polos meus dereitos e podo durmir na miña tenda, neste cámping de merda, metáfora desta sociedade de merda? Érase boa. Pasa un hidroavión. Sinto náuseas.

Estou desexando volver a Nietzsche.

ERaUNHA



A SANTA COMPAÑA

A Santa Compañía é, na mitoloxía galega, unha lenda fantástica sobre unha procesión de ánimas en pena que percorren os camiños dunha parroquia dende as doce da noite.

Aínda que o aspecto da **Santa Compañía** varía, a versión máis estendida afirma que está formada por un conxunto de almas en pena que non foron nin ao ceo nin ao inferno, e que por iso vagan durante a noite vestidas con túnicas negras con carapucha.

Esta **procesión** de ánimas forma dúas ringleiras, van envoltas con sudarios e cos pés descalzos. A procesión vai encabezada por un vivo que porta unha cruz e un caldeiro de auga bendita seguido polas ánimas que levan velas acendidas, non sempre visibles, pero que ao seu paso deixan olor a cera.

A persoa viva que encabeza a procesión pode ser home ou muller dependendo se o patrón da parroquia é un santo ou unha santa. A persoa condenada a deambular durante as noites coas ánimas non lembra durante o día o que sucede pola noite; como non ten noites para descansar a persoa vai enfermado sen que ninguén coñeza o motivo. Antes de falecer o individuo ten que entregarlle durante a procesión a cruz a outra persoa.

A Compañía camiña emitindo **rezos**, case sempre un rosario, cánticos fúnebres, ou tocando unha pequena campá ao seu paso. Cando soamente se escoitan as badaladas, a Compañía fai cesar todos os ruidos do seu arredor, e a zona por onde vai pasando está completamente silenciosa. Os cans anuncian con ladridos a chegada da Santa Compañía, e todos os gatos foxen da parroquia onde terá lugar a marcha.

Dise que non todos os mortais poden ver a Compañía, e que para librarse da maldición de sumarse á peregrinación da Santa Compañía débese debuxar no chan un círculo e tomarse cara abaixo dentro del. Se alguén ten as mans

ocupadas, como por exemplo con paus ou pedras redúcense as posibilidades de que o mortal que encabeza a procesión lle pase a cruz.

As lendas contan que se aparecen estas ánimas **errantes** sempre é un signo de maldición ou desastre. Poden aparecer para reclamar a alma dalguén que morrerá pronto, se alguén recibe a visita das ánimas dise que morrerá no prazo dun ano.

Tamén poden aparecer para reprochar aos vivos faltas ou erros cometidos, se son especialmente graves, o mortal que as cometera podería recibir a visita da Santa Compañía para que a encabezase, e así quedaría condenado a vagar ata que outro mortal o substitúa. Ademais pode aparecer para anunciar a morte dun coñecido dunha persoa que si poida presenciar a procesión, e para comunicar a alguén unha pena imposta polo máis alá.



FONTES

Vivecamino.com

www.muyhistoria.com

Bluscus.es

www.elconfidencial.com

www.alotroladodelarealidad.com

Hdnh.es

Aroa López Saavedra 3º A

A derradeira leición do mestre

Alfonso Daniel Manuel Rodríguez Castelao naceu en Rianxo en 1886. Foi un narrador, ensaísta, dramaturgo, debuxante e político galego. Courseu estudos de Medicina na Universidade de Santiago de Compostela. Debido á súa continuada perda de vista afastouse da medicina e obtivo unha praza como profesor no Instituto Xeográfico e Estatístico de Pontevedra. Así daría comezo o seu amor polas artes ata converterse nun referente galego.

O seu labor artístico céntrase na creación de láminas e caricaturas caracterizadas pola ausencia de trazos. Isto introdúceo na literatura coas súas obras “Cousas da vida”, “Cousas”, “Os dous de sempre” e “Retrincos”.

Como político galego forma parte das Irmandades da Fala e do Partido Galeguista, defendendo a súa ideoloxía e o uso da súa lingua natal, o galego.

A sublevación militar que deu paso á guerra civil española fixo que moitos intelectuais e mestres emigraran escapando do horror que se viviu neses anos no noso país. Durante esta etapa Castelao plasma no álbum de guerra “Galicia Mártir” o seu patriotismo. Exiliou a Valencia, Barcelona e posteriormente Nova York en 1938, onde pa-

ralelamente ao seu labor político continuou co seu labor artístico. En 1940 chega a Bos Aires onde continúa coa súa loita polos dereitos galegos e a defensa do noso idioma sendo un dos propulsores do Consejo de Galicia.

Castelao decide participar na homenaxe do seu gran amigo Alexandre Bóveda, político galego condenado a morte por “traición” e executado no ano 1936, cun cadro pintado con óleo en tea de dous metros de altura. O bocexo orixinal pertence a unha das láminas incluídas no álbum “Galicia Mártir”.

Neste cadro “A derradeira leición do mestre” represéntase a morte dun profesor caído polas balas, facendo referencia ás faccións de Alexandre Bóveda, rodeado duns nenos que se lamentan conmocionados polo horror e a situación de morte nesa época en España.

Castelao deixa unha parte do cadro sen ningunha información para darlle unha sensación de exaltación ou desesperación e utiliza unha paleta de cores marróns e trazos grosos.

O óleo pasará a formar parte das dependencias do Centro Galicia de Bos Aires. Finalmente, “A derradeira leición do mestre” que nunca saíra da Arxentina, exhibiuse nunha exposición de Castelao na Cidade da Cultura en Santiago de Compostela no presente ano de 2019.



A nosa viaxe a París e o Louvre



Despois dunha longa espera para marchar e deixar atrás familia e mestres en Lugo, por fin chegamos ó noso destino tan deseñado, e aínda que se fixo curta a estancia e o catarro nos perseguíu ata os últimos instantes, pasámolo xenial.




Por fin íamos ver o famoso Louvre, do que tanto nos faláron. Con moitas clases de latín e grego e o esforzo de Belén para ensinarnos os legados artísticos da cultura grecolatina, atopámonos de fronte coa Vitoria de Samotracia.

A “Niké de Samotracia” data do ano 190 a.C. O seu nome procede do grego, no que “niké” significa vitoria e o nome propio de Samo-

tracia pertence a unha illa de Grecia . É unha escultura de 2,70 m de altura aproximadamente e pesa case 50 toneladas. Foi esculpida en seis pezas de mármore, unidas mediante paus ou estacas de bronce. A esta obra de arte fáltanlle os brazos e a cabeza, perda que se atribúe á cantidade de actividade sísmica que se produciu na zona na que estaba situada.

Ademais vimos outras obras grecolatinas como: A Venus de Milo ou A hermafrodita..e máis actuais como a A Gioconda e A liberdade.



Lucía Vázquez Pimentel. 1ºBach.

O CAMIÑO DE SANTIAGO

O Camiño de Santiago é un conxunto de vías ou camiños cuxo propósito é facilitar o acceso de peregrinos a Santiago. Creouse a partir do descubrimento dos supostamente, restos do Apóstolo en Santiago, no ano 814. O Camiño é a ruta máis antiga e concorrida de Europa.

Hai moitas vías, como o **Camiño Primitivo**, que foi o que Afonso II de Oviedo, o rei que gobernaba cando se descubriron os restos, seguiu na súa peregrinación a Santiago. Outra opción é o Camiño do Norte, que percorre a costa cantábrica desde Irún ata Ribadeo, onde se desvía, xuntándose en Arzúa co Camiño Primitivo e co Francés. En 2016, este camiño ocupou o terceiro lugar en canto ao número de peregrinos. Máis de dezasete mil persoas decidiron ir a Santiago por esta ruta.

Tamén podemos viaxar polo **Camiño Francés**, que é o principal. O seu lugar de inicio é Saint Jean Pied de Port, en Francia. Hai moitas vías que conflúen no Camiño Francés en diferentes puntos. En 2016, máis de cento setenta e seis mil peregrinos chegaron a Santiago empregando esta vía.

Webgrafía <https://www.gronze.com/camino-portugues>

<https://www.gronze.com/camino-norte>

https://gl.wikipedia.org/wiki/Cami%C3%B1o_de_Santiago

https://gl.wikipedia.org/wiki/Cami%C3%B1o_Franc%C3%A9s

<http://www.navarra.es/NR/exeres/677A3AC8-4C5A-4FC8-959C-34228E9597F.htm>

Por último, falaremos do **Camiño Portugués**, que é o segundo máis concorrido. Ten o seu inicio en Lisboa e bordea toda a costa ata chegar a Santiago, pasando por lugares como Coimbra, Porto e Pontevedra.

Na actualidade, moita xente continúa facendo o Camiño de Santiago. Algúns fan por **motivos** relixiosos, mais hai moita xente que decide facelo como reto persoal; para estar en forma ou por outras causas entre as que se encontra o coñecer lugares novos.

No ano 1993, a UNESCO declarou o Camiño Francés como Patrimonio da Humanidade. Ademais, foi declarado Itinerario Cultural Europeo polo Consello de Europa.

O Camiño conta con varias **tradicións**, como levar unha cuncha de vieira pendurada da mochila. Ademais, case todos os peregrinos dinlles "bo camiño" ás persoas coas que se atopan camiñando.

Hoxe en día, o Camiño de Santiago está cheo de **albergues** nos que os peregrinos poden pasar a noite e prepararse para seguir camiñando ao día seguinte e atoparse, a cada paso, un pouco máis preto de Santiago.



Andrés Coucheiro Sepúlveda. 3ªA

CONCURSO EXLIBRIS BIBLIOTECA




Jennifer Villamarín. 1ºB



Noa Pin Lage. 1ºB




Candela Fernández. 1ºB




Patricia Lombardía Freire. 1º A



Valeria San Julián. 1ºB



Ainhoa Reija Crespo. 1º A



Antón Regueira Doce. 3ºA

A desigualdade entre homes e mulleres é unha fenda que aínda non se superou, nin sequera nos países máis avanzados.

Pero o maior problema é que aínda hoxe, no século XXI, millóns de mulleres son consideradas cidadás de segunda. Moitas viven baixo a opresión duns costumes que as encerran nun burka.

Millóns de mulleres sofren a violencia machista; outras, son pouco menos ca obxectos que pertencen primeiro ao pai e despois ao marido. Mulleres que poden ser lapidadas se alguén as acusa de adulterio, mulleres que non poden acceder á educación polo simple feito de selo.

No noso mundo, no noso aparente e comfortable mundo, hai outras loitas que dar, cobran menos salario polo mesmo traballo ca os homes, sobre as nais recae a responsabilidade da vida familiar, sen por iso descoidar o traballo fóra da casa. Preguntémonos cántos pais hai nas portas dos colexios ou fan equilibrios para levar os seus fillos ao dentista ou ás clases de inglés.

Non está demais lembrar que quedan moitas loitas ata que as mulleres e os homes sexamos realmente iguais en todos os ámbitos.

Uxía Penelas Díaz. 4º ESO A

Sempre será culpa nosa mais...

Que sexamos educadas non significa que queiramos algo con vós.

Que levemos saias curtas ou escotes non significa que busquemos provocarvos.

Que teñamos un mal día non significa que teñamos o periodo.

Que bailemos nas discotecas non significa que se vos poida escapar a man.

Porque non, non somos obxectos, nin escravas, nin necesitamos a ninguén e podemos elixir o que é mellor para nós.

Queremos saír soas pola noite sen ter que avisar de que chegamos ben, de que chegamos vivas.

Queremos falar, protestar... decidir.

Queremos ser como somos sen que nos xulguen, nos humillen ou nos desprezen. Queremos vivir.

As vosas nais, as vosas irmás, as vosas fillas... son mulleres. Respectádenos.

Non queremos ser valentes. Queremos ser libres.

Paula Villada. 4º ESO A

E
L
A
S

